

10. Instrucións e criterios de corrección.

Reunido o día 06 de maio de 2024 o Tribunal do proceso selectivo convocado por Resolución Reitoral 18 de abril de 2023, (DOG 27/04/2023) para cubrir sete prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de zonas verdes, grupo III, pola quenda de promoción interna, da Universidade de Santiago de Compostela, de cara a realización do 2º exercicio,

ACORDA publicar as seguintes instrucións e criterios de corrección:

1 A persoa aspirante deberá vir provista de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).

2. Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

3. As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.

4. O exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta. O tempo de realización será de 95 minutos e a súa valoración de 0 a 25 puntos.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria as persoas aspirantes poderán, no prazo de **tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte o da realización de cada exercicio, presentar **reclamacións ás preguntas** do correspondente exercicio.

En Santiago de Compostela, 06 de maio de 2024

O/a presidente/a do Tribunal

José Ángel Carrillo Presedo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

- Taboleiro electrónico da sede electrónica USC
- Páxina web das convocatorias de PAS da USC
- Lugar de realización do 2º exercicio.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE ANGEL CARRILLO PRESEDO, NIF ***7216**, 06/05/2024 11:28:44.

CSV: A6C2-7BCC-4BD0-B251